

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia.

- En Xeografía analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

- O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

No primeiro curso da ESO, os criterios de avaliación e os contidos, preséntanse estruturados en tres bloques, nos que se trata de evitar incorrer en enfoques exclusivamente academicistas co obxectivo de promover unha perspectiva máis aberta e flexible.

O primeiro dos bloques, "Retos do mundo actual" contribúe a que se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable.

O bloque de "Sociedades e territorios" está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais. Os contidos deste bloque están organizados arredor de cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo; neste caso a Prehistoria e a Idade Antiga.

O terceiro bloque dos obxectivos, "Compromiso cívico e global", subliña a importancia deste compoñente que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como o sentido da responsabilidade, a creación do espírito crítico ou a capacidade de crear unha opinión persoal. Estas dimensións son fundamentais para lograr a formación integral do alumnado.

Por último, a capacidade de contextualizar as aprendizaxes interdisciplinares, debido a que se incorporan campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, permite situar as aprendizaxes e conectalos con problemas actuais e retos do presente dotándoos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A tecnoloxía e o estudo xeográfico da Terra	Coñecer as principais metodoloxías do coñecemento xeográfico, o planeta Terra e a súa representación.	9	6	X		
2	O relevo terrestre e a súa influencia nas poboacións	Coñecer as principais formas do relevo terrestre, a súa formación e evolución e as relacións entre o relevo e as actividades do ser humano.	9	10	X		
3	O desafío do cambio climático	Coñecer os elementos, factores e tipos de clima e o reto que supón o cambio climático.	9	10	X		
4	O aproveitamento responsable das augas do planeta	Analizar a importancia da auga no noso planeta a través dos principais recursos hídricos fomentando o seu uso responsable.	9	5	X		
5	A relación entre as paisaxes da Terra e as persoas	Analizar as distintas paisaxes naturais do planeta.	8	10		X	
6	Un estudo xeográfico: o medio físico dos continentes	Coñecer someramente a xeografía dos continentes en canto ao seu relevo, clima e vexetación.	9	9		X	
7	Coñecer a nosa contorna para conservar o seu medio natural	Analizar a fragilidade do medio físico en España e Galicia promovendo hábitos de sustentabilidade.	8	10		X	
8	A Prehistoria. O punto de partida da humanidade	Coñecer as principais liñas do método histórico e comprender a orixe do ser humano e as súas primeiras formas de	8	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A Prehistoria. O punto de partida da humanidade	organización social.	8	10		X	
9	O nacemento da escritura. As primeiras civilizacións	Analizar as civilizacións mesopotámica e exipcia a través das súas manifestacións histórico-artísticas e entender a herdanza que nos proporcionaron.	8	10			X
10	A civilización grega. A orixe da democracia	Comprender o legado que nos transmitiu a civilización grega a través da súa historia e arte.	9	10			X
11	A civilización romana. Un imperio mundial	Analizar o legado da civilización romana a través da súa historia e arte.	8	10			X
12	Hispania na Antigüidade. Un mosaico cultural	Analizar os trazos dos pobos prerromanos na Península Ibérica e coñecer evolución de Galicia neste conxunto.	6	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A tecnoloxía e o estudo xeográfico da Terra	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Sabe argumentar a forma da Terra e coñece os movementos de rotación e translación e as súas consecuencias.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Coñece a escala gráfica e numérica e mide distancias nun mapa.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográficas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Sabe interpretar o mapa dos fusos horarios e calcular a hora nos distintos lugares do planeta e argumenta correctamente.		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece as cartografías a distinta escala.	TI	30
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece as ideas básicas referidas ao sistema solar.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece distintas accións de defensa da contorna na procura da súa mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O relevo terrestre e a súa influencia nas poboacións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece a distribución de terras e mares no planeta.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece someramente como se formou o relevo terrestre.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe situar nun mapa as grandes unidades do relevo.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Coñece as formas do relevo terrestre e interpreta un perfil topográfico.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe interpretar a evolución do relevo terrestre.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Analiza e enumera as relacións entre o relevo e as actividades humanas.	TI	30
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Mostra interese polas consecuencias que se derivan dos fenómenos sísmicos.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece accións de defensa do patrimonio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O desafío do cambio climático	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora un mapa de conceptos coas capas da atmosfera	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Analiza os elementos e factores do clima		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora e interpreta climogramas		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Coñece a distribución dos climas na Terra		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece os retos do cambio climático		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Analiza as causas dos fenómenos meteorolóxicos extremos		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Elabora unha síntese sobre a contaminación climática e os seus efectos	TI	30
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas para frear o cambio climático		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O aproveitamento responsable das augas do planeta	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece a distribución da auga na Terra e indicao nun mapa de conceptos.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Analiza as augas mariñas e os seus fluxos nunha fonte gráfica ou cartográfica.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Analiza o percorrido dun río nun bloque diagrama.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Coñece os distintos tipos de augas continentais elaborando unha síntese.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sinala nunha cartografía as "augas do mundo".		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica a auga como un ben escaso.	TI	30
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Tira as consecuencias do uso inadecuado da auga, compárteco cos demais e propón medidas para aforrar ese ben escaso.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Sabe o valor das augas que non vemos e da súa importancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> </ul>

Contidos
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
5	A relación entre as paisaxes da Terra e as persoas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe definir "paisaxe" e distingue entre paisaxe natural e humanizada.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Analiza as paisaxes naturais dende unha perspectiva integradora dos elementos que as conforman empregando calquera fonte ou elaborando un informe.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Sabe analizar paisaxes naturais nas fontes que se lle presenten.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Coñece os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Analiza as relacións entre a paisaxe natural da Terra e as persoas.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Analiza climogramas relacionados coas paisaxes naturais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza a xestión dunha paisaxe de forma sostible.	TI	30
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Coñece a debilidade dos ecosistemas.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas conservacionistas para preservar as paisaxes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Un estudo xeográfico: o medio físico dos continentes	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Manexa o vocabulario xeográfico.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece como se organiza o relevo dos continentes.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe situar nunha cartografía as principais unidades do relevo dos continentes.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Analiza as paisaxes propias de cada continente integrando os distintos elementos que as conforman.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe situar nunha cartografía as augas en cada continente.	TI	30
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Valora a fragilidade dos ecosistemas.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Analiza a desigualdade que se produce entre os distintos continentes e sabe argumentalo e expoñelo.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas para a sustentabilidade dos medios xeográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Coñecer a nosa contorna para conservar o seu medio natural	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Recoñece o mapa de España.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Sabe a disposición do relevo peninsular e insular español.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elabora una listaxe cos climas de España enunciando os seus trazos e entende as consecuencias do cambio climático.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Analiza imaxes das paisaxes naturais de España .		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Coñece as grandes unidades de relevo de Galicia e sabe redactalas nun informe.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sitúa nunha cartografía as augas de España e coñece someramente a súa xestión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Sabe analizar a riqueza e fragilidade das costas españolas.	TI	30
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Sabe interpretar datos sobre o estado do clima en España.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Propón medidas fronte á seca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A Prehistoria. O punto de partida da humanidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Define Prehistoria e analiza a súas etapas relacionando os aspectos socioeconómicos máis importantes.	PE	70
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza o proceso de hominización.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Coñece os achádegos da Prehistoria e sabe dos trazos deste período prehistórico en España e Galicia.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Entende a vida nunha tribo paleolítica e nunha aldea neolítica.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Analiza os cambios que se deron na Idade dos Metais.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Coñece a cultura material e relacionaa cos aspectos sociais, políticos, económicos e co xurdimento da relixión.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Identifica obras de arte do período prehistórico.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece o método histórico.	TI	30
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Aprende o vocabulario artístico, defíneo e obsérvao nunha fonte gráfica.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Elabora unha síntese completa cos períodos da Prehistoria analizando os aspectos sociais, económicos, políticos, relixiosos e artísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Coñece o pasado para entender o presente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.</li> <li>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	O nacemento da escritura. As primeiras civilizacións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Enumera as civilizacións fluviais e localiza os continentes nos que se desenvolveron e os ríos que lles deron vida.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Comenta os grandes trazos das civilizacións fluviais.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Analiza como era a vida en Mesopotamia e que legado histórico artístico nos deixou.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Coñece grosso modo a historia do antigo Exipto, o poder do faraón e as formas de vida do pobo exipcio.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece e valora o patrimonio artístico das civilizacións fluviais a través de imaxes e describe os rasgos que lle son propios.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Describe o medio natural de Mesopotamia e as etapas da súa historia.	TI	30
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza os piares das relixións de Mesopotamia e Exipto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo,</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	A civilización grega. A orixe da democracia	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece a xeografía grega.	PE	70
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha síntese sobre o nacemento da civilización grega.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Coñece o significado de polis, democracia, oligarquía e helenismo no seu contexto histórico.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Analiza como era a sociedade e economía grega.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situálas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Sabe das crenzas gregas.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza os límites da democracia grega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Adentra no eido cultural grego e enumera o legado que nos deixou Grecia á civilización occidental.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Analiza obras de arte de arquitectura, escultura e pintura gregas.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Elabora unha listaxe dos deuses gregos e das súas fazañas.	TI	30
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Analiza os límites da democracia grega no tocante á igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	A civilización romana. Un imperio mundial	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece a xeografía da península itálica e entende o nacemento de Roma nese contexto.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Entende os conceptos de monarquía e república coas institucións que lle son propias e relaciona ambas institucións coa actualidade.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha listaxe do panteón romano e relacionao co grego e narra algúns episodios mitolóxicos destacables de calquera dos deuses destas civilizacións.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Entende o papel do urbanismo e a súa funcionalidade e analiza obras de arte de arquitectura, escultura e pintura a través de fontes gráficas enunciando os seus trazos característicos.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Analiza o nacemento e expansión do Imperio romano.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Coñece a vida cotiá romana en relación coas súas actividades económicas e a transformación do medio e tira o importante legado que nos deixou Roma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Analiza ilustracións do exército romano e entende os conceptos de "paz e guerra, xustiza e inxustiza" observando o mundo actual.	TI	30
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza a composición da sociedade romana, o papel da muller e da escravitude entendendo os conceptos de "discriminación e estereotipo" e aplícao á nosa actualidade cercana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Hispania na Antigüidade. Un mosaico cultural	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Analiza unha cartografía cos pobos prerromanos das terras peninsulares e cos pobos colonizadores que viñeron indicando a súa forma de vida e aporte que deixaron. Observa a fin da antigüidade e os comezos do periodo medieval co reino suevo e visigodo.	PE	70
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Recolle nun esquema os trazos básicos dos pobos prerromanos do territorio peninsular indicando a súa organización política, social, económica, etc.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Analiza a conquista romana de Hispania a través de cartografías e indica os aportes que nos legaron. Entende a Galicia castrexa e tira os seus trazos analizando distintas ilustracións e gráficas.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade cultural do territorio peninsular na Antigüidade e indica o legado que nos transmitiron os distintos pobos que habitaron a Península.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

- Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.
- A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito



operativo, práctico e comprensible.

- O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

- O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

- O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

- Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

- O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

- Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Xeografía e Historia. 1º ESO. PROXECTO construíndo mundos. Ed.Santillana
Apuntamentos e fichas do docente

Blog do docente : <a href="http://aquigallaeciahistoria.wordpress.com">aquigallaeciahistoria.wordpress.com</a>
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa, Atlas xeográfico, Youtube e recursos web de distintas páxinas relacionadas coa materia

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

- O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

- O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

- Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

- As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

- Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é recomendable unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e

incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

É moi importante prestar atención á AVALIACIÓN INICIAL e ademais do dito anteriormente, este Departamento ten establecido un protocolo a seguir:

Entendemos a avaliación como unha ferramenta de mellora do rendemento e formación do alumnado e da metodoloxía, tácticas didácticas, actividades, etc... polo que avaliamos tanto o proceso de aprendizaxe como o proceso de ensino.

Comezado o curso celebrárase a avaliación inicial que resulta fundamental para axustar as medidas necesarias en función das carencias do alumnado. Estará coordinada pola xefatura de estudos e participará o equipo docente xunto coa orientadora do centro. No deseño da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos :

1.- Características do alumno ou alumna en canto a: actitude, motivación, intereses, habilidades sociais, autoconcepto.

2.- Entorno socio-familiar: datos destacables que poidan influir no proceso de ensinanza aprendizaxe.

3.- Contexto educativo incidindo en dous aspectos: aula e dinámica grupal na que vai desenvolver a aprendizaxe do alumno ou alumna e a súa historia escolar.

4.- Competencia curricular nas áreas instrumentais (comprensión lectora, comprensión escrita, resolución de problemas) e coñecemento e procedementos básicos de Xeografía e Historia. Podemos empregar múltiples instrumentos: probas escritas, observación na aula os primeiros días de clase polo profesorado, entrevistas, informes de orientación, os propios informes individualizados do alumnado, a análise de produción do alumno e alumna (resumos, traballos, probas, caderno de clase, etc).

Este coñecemento das características básicas do alumnado vai permitir tomar unha serie de decisións a adoptar relativas a:

a) Planificar e programar as actividades docentes.

b) Tomar medidas de atención á diversidade na aula.

c) Escoller metodoloxías e estratexias didácticas e pedagóxicas a empregar.

d) Orientar a organización da aula, das actividades a desenvolver; en síntese da propia programación. Con carácter xeral:

- Repaso selectivo da materia do curso anterior durante unha semana.

- Medidas de reforzo máis permanentes.

- Aos alumnos/as con nivel baixo á media seralle facilitado un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

En cada trimestre:

- Nas unidades didácticas establécese o peso orientativo que se lle dá aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70%. Realizaranse un mínimo de dúas probas por trimestre, das que se obterá a media.
- As cualificacións estableceranse en función do punto 3.1 desta programación. En cada unidade aparece cun peso do 70% as probas e cun peso dun 30% as actividades/tarefas para dar coherencia co dito na programación xeral deste Departamento.
- En canto as táboas de indicadores (tratamento de textos, traballos, redaccións, sínteses, informes, comentarios sobre procedementos de xeografía, historia ou arte, portfolio do alumno, exposicións orais, debates) pondéranse nun 30%
- Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10.
- No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións do alumnado, tamén puntuarán sobre 10, empregándose rúbricas (véxase programación do Departamento de Xeografía e Historia) que teñan en conta a puntualidade na entrega, orde e limpeza, ortografía, calidade e precisión do contido.

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

- Media aritmética dos trimestres unha vez que o alumnado teña superadas as tres avaliacións.
- O alumnado que a finais de curso teña aínda avaliacións suspensas, despois de realizadas as recuperacións trimestrais, daráselle a posibilidade de presentarse a unha proba global no mes de xuño cos contidos dos trimestres non superados.

Observacións:

- Cando se determinen probas escritas en calquera das materias, a asistencia ás mesmas é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón grave e debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia; noutro caso, perderase a opción da proba correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.
- Cando un alumno ou alumna de calquera curso sexa sorprendido copiando nunha proba escrita, retiraráselle a folia de exame, non se cualificará, e o alumno ou alumna terá que realizar a repetición da proba cando o profesor decida.

### Criterios de recuperación:

Realizarase unha proba de recuperación por avaliación ao principio do seguinte trimestre, no caso da terceira avaliación será no mes de xuño.

Cada alumno recuperará a parte da materia suspensa, no caso de haber varias probas nesa avaliación, e toda a materia no caso de realizar só unha proba.

Una vez superada a recuperación procederase a aplicar os criterios recollidos na programación do Departamento; isto é, un 70% da cualificación das probas e o 30% das actividades e tarefas do trimestre.

Este Departamento considera que se un alumno ou alumna non supera a avaliación por non ter entregadas as

actividades/tarefas do trimestre, non debe repetir as probas senón que se lle dará a oportunidade de entregar as devanditas actividades/tarefas non realizadas para poder recuperar aplicando os criterios de cualificación antes referidos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso de secundaria

### 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis. O alumnado con máis dificultade, unha vez avaliado e consultada Orientación, procederase a elaborar unha ACS.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo. Formularanse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

PLAN ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR. As medidas de atención á diversidade que se prevén neste programación para alumnado repetidor baséanse nas alternativas legais existentes e que se encadran no plano do Reforzo Educativo. Todas elas son medidas de carácter ordinario enmarcadas en pautas e estratexias de metodoloxía didáctica. No relativo a medidas que se implementaran antes e durante a realización das tarefas na clase podemos destacar:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicar de xeito claro e sinxelo o obxectivo último da tarefa.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución. No concernente as propias tarefas ou deberes.
- Supervisión dos exercicios asegurándonos de que o alumno entendeu o que ten que realizar.
- Pedir ao alumnado que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos. Consideramos importante ter contacto coas familias. Para iso manteremos unha comunicación fluída co titor, para que as familias estean informadas sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de buscar puntos fortes para a superación da materia no curso repetido. O seguimento deste alumnado que repite a materia debería constar nun informe individualizado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X	X	X		X	
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Educación para a igualdade								X
ET.4 - Emprendemento	X						X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz								X
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educacion ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

#### Observacións:

- Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
- Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
- O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
- O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.
- Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a exposicións e museos	complementaria
Visitas a exposicións e museos	complementaria
Excursións de interese didáctico	complementaria
Roteiros didácticos	complementaria
Proxección de cine	complementaria
Asistencia a representacións teatrais	complementaria

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifica leccións, ensina e avalía: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Demostra coñecemento da materia: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Avalía e xulga en función dos criterios da programación: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Crea ambiente de aprendizaxe: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Motiva ao alumnado: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Ofrece oportunidades de recuperación: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
É ordenado nas explicacións: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE

Explica con claridade: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Resolve dúbidas: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
É innovador/a: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Revisa a realización das tarefas propostas: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Valora o esforzo: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Sabe dirixir as clases: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Cumpriu co horario de clase: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Valoración xeral da materia: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Os obxectivos didácticos están ben formulados: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
As actividades foron variadas e motivadoras: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
A temporalización foi adecuada: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Realizouse a avaliación inicial: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

- En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

- Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.
- Realizarase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.
- Na avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo; deixarase constancia nas actas do departamento de forma trimestral.
- Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados